






Orientación Académica para Bacharelato



Departamento de Orientación
IES Terra de Soneira

Índice

1. Criterios de avaliación, promoción e titulación.....	2
2. E despois do Bacharelato, qué?.....	2
3. Os estudos Universitarios.....	3
4. A Formación Profesional de Grao Superior.....	8
5.As Ensinanzas de Réxime Especial.....	21
Música.....	21
Danza.....	23
Arte Dramática.....	24
Artes Plásticas e Deseño.....	24
Conservación e Restauración de Bens Culturais.....	26
Idiomas.....	28
Ensinanzas Deportivas.....	29
6.O Bacharelato de Adultos.....	30
7.Forzas e corpos de seguridade.....	31
Corpo da Garda Civil.....	31
Corpo da Policía Nacional.....	32
Corpo de Institucións Penitenciarias.....	33
Escala Superior de Técnicos de Tráfico.....	34
Carreira Militar.....	34
8.Bolsas e Residencias Universitarias.....	34

1. Criterios de avaliación, promoción e titulación no curso 21-22

Promoción no Bacharelato: Os alumnos/as acadarán a promoción de 1º a 2º de Bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo.

O alumnado que promocioe a 2º con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso seguindo as actividades de seguimento, recuperación e avaliación que estableza o equipo docente para superalas e tendo en conta que a avaliación destas terá que ser anterior á das materias de 2º curso.

O alumnado que ao termo do 2º curso tivesen avaliación negativa nalgúñas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que o alumno/a tivera superado previamente.

Titulación no Bacharelato: Para obter o título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que titule un alumno/a que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o alumno/a acadou as competencias e os obxectivos da etapa.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumno/a na materia.
- c) Que o alumno/a se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas sexa igual ou superior a 5. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

O título de Bacharelato será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en 2º curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

2. E despois do Bacharelato, que?

Co título de Bacharel podes acceder ás seguintes saídas profesionais:

- **Carreiras Universitarias: títulos de grao.**
Poderás acceder a unha carreira universitaria, para a cal debes superar ademais do bacharelato, a avaliación de bacharelato para o acceso á

universidade(ABAU).Nos títulos con límite de prazas terase en conta a nota de acceso, que será unha ponderación entre a nota media dos dous cursos de Bacharelato e a nota da ABAU.

- **Ciclos Formativos de Grao Superior** de calquera Familia Profesional. Para acceder a un Ciclo Superior de FP só se necesita un título de Bacharelato vinculado á esa familia profesional. A nota de acceso será a nota media das materias cursadas no Bacharelato.
- **Os estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial.**
- **Outros estudos:** Piloto Civil, Estudios Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, Centro Superior de Hostalería de Santiago.

Se non tes o título de Bacharelato, segues a ter varias posibilidades:

Acceder aos Ciclos Formativos de Grao Superior, mediante proba e con 19 anos cumpridos no ano en que se celebran as probas.

Outras Alternativas

A Formación Ocupacional

Formación non regrada

Incorporarse ao mundo laboral

3.Os Estudos Universitarios

Os títulos universitarios divídense en títulos de:

Grao: Obtense o título de graduado.

Posgrao:

Master: trala superación dun grao obtense unha formación especializada e máis avanzada. Obtense o título de Master.

Doutoramento: trala superación dun grao e un Master, obtense unha formación avanzada en técnicas de investigación. Obtense o título de Doutor.

Todos estes títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento**, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de Bacharelato. E a cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas diferentes universidades.

1. **Ciencias Sociais e Xurídicas.**
2. **Artes e Humanidades.**
3. **Ciencias da saúde.**
4. **Ciencias.**
5. **Enxeñaría e Arquitectura.**

A maioría dos títulos de grao teñen unha duración de 4 anos, é dicir 240 créditos, aínda que algúns duran 5 ou 6 anos, como son Arquitectura, Medicina, Farmacia, Odontoloxía e Veterinaria.

Na universidade, o **crédito ECTS** (European Credit Transfer System) é a unidade de medida do traballo que realiza o estudante, que equivale a 25-30 horas de traballo. Nun curso académico cada estudante realiza 60 créditos.

Os títulos de grao constan de varios tipos de materias, que poden ser anuais ou cuadrimestrais: **materias básicas** (vinculadas á rama de coñecemento desa carreira); **materias obrigatorias** (son as que configuran a formación da propia carreira); **materias optativas** (a elixir entre as que oferta a titulación).

Así mesmo hai que desenvolver un **traballo de fin de grao** ao remate da titulación.

A continuación amosase o vínculo entre as materias de modalidade de Bacharelato troncais xerais e de opción e as diferentes ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias, así como os diferentes títulos de grao que se ofertan en cada rama (Oferta regulada pola CIUG para o acceso á universidade de Galicia).

Adscrición das materias troncais de opción e de modalidade ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias:

Vinculación das Materias de Modalidade de Bacharelato e as Ramas de Coñecemento das Ensinanzas Universitarias	
<i>Ciencias Sociais e Xurídicas</i> Artes Escénicas Bioloxía Cultura Audiovisual II Debuxo Técnico II Deseño Economía Da Empresa Física Fundamentos da Arte II Grego II Hª da Arte Hª da Filosofía Latín II Matemáticas II Matemáticas Aplicadas ás CCSS II Química Xeografía Xeoloxía 2ª Lingua Estranxeira II	<i>Artes e Humanidades</i> Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Debuxo Técnico II Deseño Economía da Empresa Grego II Latín II Fundamentos da Arte II Hª da Arte Hª da Filosofía Matemáticas Aplicadas ás CCSS II Xeografía 2ª Lingua Estranxeira
	<i>Ciencias</i> Bioloxía Debuxo Técnico Física

Enxeñería e Arquitectura Bioloxía Debuxo Técnico II Deseño Economía da Empresa Física Fundamentos da Arte Historia da Arte Matemáticas II Matemáticas Aplicadas as CCSS II Química Xeografía Xeoloxía	Hª da Filosofía Matemáticas II Química Xeoloxía
	Ciencias Da Saúde Bioloxía Física Hª da Filosofía Matemáticas II Mates Aplicadas ás CCSS II Química

Títulos de grao: esta é unha recompilación representativa da oferta de títulos de tódalas Universidades Españolas.

(En negriña son os que se imparten no Sistema Universitario Galego)

Ciencias

Bioquímica

Xeoloxía

Bioteχνoloxía

Ciencias Ambientais

Ciencias do Mar

Química

Bioloxía

Bioquímica e Bioloxía molecular

Enoloxía

Microbioloxía

Ciencias da Alimentación

Física

Bioloxía Ambiental

Matemáticas

Ciencias Biomédicas

Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Nanociencia e Nanotecnoloxía

Matemáticas e Estatística

Bioquímica e Biomedicina

Ciencias da Saúde

Medicina

Odontoloxía

Podoloxía

Enfermería

Psicoloxía

Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Fisioterapia

Nutrición Humana e Dietética

Farmacía

Óptica e Optometría

Terapia Ocupacional

Bioloxía Sanitaria

Logopedia

Veterinaria

Enxeñería e Arquitectura

Arquitectura Técnica

CC e Enxeñería de Datos

Enxeñaría Aeroespacial

Enxeñaría Agraria

Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Enxeñaría Biomédica

Estudos de Arquitectura

Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais

Enxeñaría Mecatrónica

Enxeñaría Mecánica

Enxeñaría Naval e Oceánica

Enxeñaría da Enerxía

Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Enxeñaría Eléctrica

Enxeñaría en Organización Industrial

Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais

Enxeñaría Telemática

Enxeñaría Forestal
Enxeñaría Civil
Enxeñaría da Automoción con mención dual
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
 Enxeñaría da Edificación
 Enxeñaría de Materiais
Enxeñaría Informática
Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
 Enxeñaría de Sistemas de Información
 Enxeñaría de Sistemas Audiovisuais
 Enxeñaría de Son e Imaxe
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría Electrónica, Industrial e Automática
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto
Enxeñaría en Química Industrial
Enxeñaría Química
 Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación
Náutica e Transporte Marítimo
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil
Tecnoloxías Mariñas
Enxeñaría de Obras Públicas
Robótica
Paisaxe

Ciencias Sociais e Xurídicas

Logopedia
Xornalismo
Publicidade e Relacións Públicas
Mestre: Educación Infantil, Educación
Primaria
Educación Social
 Consultaría e Xestión da Información
Pedagogía
Comunicación Audiovisual
 Antropoloxía Social e Cultural
 Criminoloxía
 Relacións Laborais
Relacións Laborais e RRHH
 Relacións Laborais e Emprego
 Relacións internacionais
Ciencias Políticas e da Administración
 Ciencias Políticas e Xestión Pública
 Ciencias do traballo
Comercio
Criminoloxía
Traballo Social
Dereito

Artes e Humanidades

Arqueoloxía
Historia
Historia da Arte
 Historia e patrimonio artístico
 Historia e Ciencias da Música
Belas Artes
Filoloxía: Vasca, clásica, hispánica, románica.
Filosofía
Humanidades
Información e documentación
 Linguas modernas
 Linguas estranxeiras
 Linguas Aplicadas Lingüística
 Cine e medios audiovisuais
Ciencias da cultura e difusión cultural
 Deseño
 Deseño e moda
 Español, Lingua e Literatura
 Estudos cataláns e occitanos
 Estudos hispánicos, lingua e literatura
 Estudos clásicos
 Estudos de Asia Oriental
 Estudos de Asia e África-Árabe, Chino e Xaponés.
 Estudos árabes e islámicos
 Estudos árabes e hebreos
 Estudos literarios
 Estudos ingleses

Turismo

Turismo e Xestión do ocio
Administración de organizacións e recursos
turísticos

Economía /Ciencias Económicas

Ciencias empresariais
Estatística

Administración e Dirección de Empresas

Dirección de empresas tecnolóxicas
Medios Audiovisuais

Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Socioloxía

Xestión Turística e Hostaleira

Xeografía e Ordenación do Territorio

Comercialización e Ixística

Dirección e Xestión Pública

Xestión Industrial de Moda

Creación Dixital , Animación e Videoxogos

Español: Estudos lingüísticos e literarios.

Inglés: Estudos lingüísticos e literarios

Estudos de Galego e Español.

Lingua e literatura: Cataláns, hispánicas,
Española,

Galega, Inglesa, Moderna.

Tradución e interpretación

Ciencias da danza

Comunicación cultural

Musicoloxía

Xeografía e historia

Xeografía, Ordenación do territorio e Xestión do
Medio Ambiente

**Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e
literarios.**

**Xestión Dixital da Información e
Documentación**

Dobres Graos

Administración de Empresas – Dereito

ADE – Enxeñería Informática

Inglés – Español

Inglés – Galego- Portugués

Español – Galego –Portugués

Turismo – CC Empresariais

Turismo – Xeografía e Historia

Mestre Ed. Infantil – Ed. Primaria

Comunicación Audiovisual – Xornalismo

Dereito –Relacións Laborais e RRHH

Arquitectura Técnica – Empresariais

Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria – Enx. Forestal

Farmacia – Óptica e Optometría

Enxeñería Informática – Matemáticas

Matemáticas – Física

Química – Bioloxía

Química – Física

Bioloxía – Química

Enxeñería Mecánica – Enxeñería Naval e Oceánica

Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Electrónica

Industrial e Automática

Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica

Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Electrónica

Industrial e Automática

Graos Abertos

No curso 2020/2021 implantáronse en Galicia **os graos abertos**, que combinan materias de, como mínimo, tres graos da mesma rama de coñecemento, e un número máximo de 25 prazas. As universidades deben garantir que o alumnado matriculado nestes programas poidan cursar un máximo de 90 créditos; ofrecerlles un proceso continuo de titorización e mentorización; e recoñecerlles a maioría dos créditos cursados no grao finalmente elixido.

O obxectivo desta iniciativa novidosa é ampliar as posibilidades de elección do alumnado ao tempo que se pretende reducir as taxas de abandono ou de cambio de estudos nos primeiros anos de vida universitaria.

No curso 2021/2022 ofertáronse os seguintes graos abertos:

- **Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas** (Universidade da Coruña, Campus da Coruña, 10 prazas), no que participan os graos de ADE, Economía, Empresariales, Dereito, Turismo, Socioloxía e Educación Social. Ten unha duración dun ano e medio(90 ECTS).
- **Grao Aberto en Enxeñaría Industrial** (Universidade da Coruña, Campus de Ferrol, 8 prazas).Os graos que participan son Tecnoloxía Industrial, Mecánica, Eléctrica e Electrónica Industrial e Automática nun programa de un curso (60 ECTS).
- **Grao Aberto en Enxeñarías** (Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo, 10 prazas).

Novos Graos que se van implantar para o curso 22/23:

1)Na Universidade de Santiago de Compostela:

-**Grao en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira**(Centro Superior de Hostaleira de Galicia).Vai ser un grao dual que combina formación no centro de estudos coa empresa.

2)Na universidade de Vigo:

-**Grao en Deseño:** terá dúas mencións, unha de Deseño de Moda e outra de Deseño Gráfico e Dixital

-**Grao Dual en Enxeñaría de Automoción:** alterna a formación entre o centro de estudos e a empresa.

3) Graos conxuntos entre diferentes universidades:

-**Grao en Relacións Internacionais**(Vigo e A Coruña): con dúas mencións, unha de Cooperación para o Desenvolvemento e outra de Xestión de Proxectos e Negocios Internacionais.

-**Grao en Intelixencia Artificial**(Vigo, Santiago e A Coruña).

4. Os Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior (www.edu.xunta.es/fp)

A Formación Profesional estruturase en Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

Como está organizada a Formación Profesional?

Comprende na actualidade tres subsistemas:

1. Formación profesional específica: que se organiza en Ciclos de Grao Medio e de Grao Superior.

2. Formación profesional ocupacional: que comprende as ensinanzas non regradas dirixidas a proporcionar capacitación profesional (para demandantes de emprego)
3. Formación profesional continua: dirixida a mellorar a formación das persoas que xa están traballando.

Ímonos a ocupar aquí da formación profesional específica.

Que é a Formación Profesional Específica?

A formación profesional ordénase en 23 familias profesionais –grupo de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.

Pola súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos formativos co obxectivo de formar profesionais de cada sector profesional con máis capacitación e máis cualificación. Cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica.

Os ciclos formativos poden ser de grao medio ou de grao superior, e a súa duración de dous cursos académicos. Teñen como obxectivo prepararte para a actividade profesional elixida e capacitarte para o desempeño cualificado dunha profesión.

Como se Accede?

Aos Ciclos de Grao Superior:

Co título de Bacharelato. De non ter o título coa superación dunha proba de acceso que varía en función do Ciclo ao que queres acceder.

Onde se Estudan?

Nos institutos de educación secundaria públicos e nos centros privados autorizados.

Como Están Organizados?

A **familia profesional**: é o nome que enmarca unha actividade nun determinado campo de traballo.

Actualmente hai unhas 23 familias de formación profesional.

Dentro de cada familia hai **ciclos formativos**: recollen un conxunto de destrezas orientadas ao exercicio dunha profesión concreta. Cada familia ten diferentes Ciclos formativos de grao Medio ou de grao Superior, que se corresponden con cada profesión.

Cada ciclo formativo comprende unha serie de **módulos**. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terás que cursar. Existen uns módulos que son comúns a tódolos Ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), RET (Relacións no contorno do traballo), FCT (Formación en Centros de Traballo), Proxecto integrado.

Os tipos de módulos que hai están directamente relacionados coa profesión estudada, é dicir, xa non existen materias como lingua e literatura, matemáticas, filosofía, ciencias sociais, etc., pero si é importante a formación previa que teñas para ter unha boa base que che faga cursar con éxito os ciclos.

Que é a FCT (Formación en Centros de Traballo)?

Consiste nun período de prácticas que terás que desenvolver nunha empresa, e que normalmente dura 3 meses ao final do ciclo. Como ves é un módulo con moitas horas e para acceder a el hai que superar tódolos outros módulos que se imparten no instituto.

Canto duran os Ciclos?

Normalmente 2000 horas (incluídas as prácticas), distribuídas en dous cursos académicos.

Que titulación se obtén?

Co **Ciclo de grao Superior**: Título de Técnico Superior. Con el podes acceder ao mundo laboral ou ás ensinanzas universitarias de grao.

Lembra que para obter os títulos é imprescindible superar tódolos módulos que se imparten en cada ciclo.

Que son os Ciclos De Artes Plásticas e Deseño?

Son uns ciclos de grao medio e superior que se estudan en Escolas de Artes e que para acceder a eles, ademais da titulación necesaria (ESO ou Bacharelato) hai que superar unha proba específica que mide as aptitudes e habilidades para cursar ese ciclo con aproveitamento.

Cales son os Réximes e as Modalidades para realizar os estudos de FP?

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar por curso completo no réxime ordinario, na modalidade presencial, asistindo diariamente a un centro formativo— , ou de xeito parcial por módulos formativos no réxime de persoas adultas, nas modalidades tanto presencial, semi-presencial ou a distancia. Así mesmo existe o réxime dual, no que o alumno combina a formación alternando entre o centro educativo e a empresa.

A matrícula parcial por módulos permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo en función da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais ao longo da vida.

Para realizar a matrícula no réxime de persoas adultas é preciso ter cumpridos os 18 anos no ano natural no que se inicien os estudos.

Que saídas teñen os Ciclos de FP?

No caso de ter finalizado un ciclo formativo de grao superior poderase acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao e a calquera outro ciclo formativo de grao superior. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a nota media do ciclo formativo. Para mellorar esta nota de acceso é posible presentarse á fase específica das ABAU (materias voluntarias).

No caso de acceder ás ensinanzas universitarias desde un ciclo formativo de grao superior é posible ter o recoñecemento de créditos universitarios (validar materias do título universitario).

A obtención do título de técnico superior, pola superación dun ciclo formativo de grao superior, permite a incorporación da persoa ao mercado laboral.

O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executada de xeito autónomo e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.

Formas de acceso a Ciclos de Grao Superior

Pódese acceder de forma directa se se cumpren determinadas condicións ou mediante unha proba.

Acceso directo

Posuír o título de Bacharelato.

Para o acceso a Ciclos de Grao Superior, o acceso realízase por nota media do Bacharelato, é dicir, que se hai mais solicitudes que prazas, adxudican as prazas ás notas máis altas.

Ademais da nota media de Bacharelato terán en conta que teñas cursada unha determinada modalidade e dentro desta, incluso determinadas materias. É dicir, cando non existan prazas suficientes terá prioridade o alumnado que:

- I. Cursase a modalidade de Bacharelato que se determine para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
- II. Cursase a modalidade de Bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
- III. Cursase algunha modalidade de Bacharelato.

Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:

1. Maior nota do expediente académico.
2. Maior nota ou nota media nas materias vinculadas.

Así que antes escoller o teu itinerario de Bacharelato debes ter claro se está vinculado ao ciclo superior que desexes acceder.

Acceso Mediante Proba

Poderán acceder mediante proba as persoas que non reúnan os requisitos académicos e teñan cumpridos **19** anos ou os cumpran no ano da realización da proba.

Para o acceso a ciclos superiores resérvase o **10%** das prazas para os alumnos que acceden mediante proba, e terase en conta a nota media acadada.

Debes saber que a proba de acceso a ciclos superiores ten **dúas partes**:

- Parte **común** da proba: Consta de **tres exames** de materias de 2º de Bacharelato: **Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas**.
- Parte **específica** da proba: organízase en **tres opcións A, B e C**, en función do ciclo superior ao que desexes acceder, e dentro da opción elixida escolleranse dúas materias:

Opción A: Economía da Empresa, Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés), e Filosofía e Cidadanía.

Opción B: Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.

Opción C: Ciencias da Terra e Ambientais, Química e Bioloxía.

As familias profesionais ás que podes acceder segundo a opción da proba pola que te presentes A, B ou C, son as seguintes:

Opción A:

Administración e xestión.
Comercio e Marketing.
Hostalaría e turismo.
Servizos socioculturais e á comunidade.
Imaxe e son (só o ciclo de Producción de audiovisuais e espectáculos).

Opción B:

Marítimo - Pesqueira (agás o ciclo de Producción Acuícola).
Artes gráficas.
Edificación e obra civil.
Electricidade e electrónica.
Enerxía e Auga.
Imaxe e son (agás o ciclo de Producción de Audiovisuais e Espectáculos).
Fabricación mecánica.
Madeira, moble e cortiza.
Informática e comunicacións.
Instalación e mantemento.
Transporte e mantemento de vehículos.
Téxtil, confección e pel (agás o ciclo de Curtidos, e o de Procesos de Ennobrecemento Téxtil).
Industrias Extractivas.
Vidro e cerámica

Opción C:

Agraria.
Actividades físicas e deportivas.
Imaxe persoal.
Industrias alimentarias.
Marítimo-Pesqueiras (só o ciclo de Producción Acuícola).
Química.
Téxtil, confección e pel (só o ciclo de Curtidos, e o de Procesos de Ennobrecemento Téxtil).
Sanidade.
Seguridade e Medio Ambiente

No caso de superar unha parte da proba, consérvase a nota da parte superada durante dous anos consecutivos. No caso de superar toda a proba, o certificado obtido ten validez indefinida.

Pódese solicitar **exención da parte específica** no caso de ter superado un ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta.

Igual que na proba de acceso a ciclos de grao medio, para presentarte a esta proba terás que facer unha inscrición, e o exame será aproximadamente no mes de abril, aínda que as datas poden variar algo dun ano para outro.

Para ver exemplos de probas podes buscalas en www.edu.xunta.es/fp/probas.

Na actualidade podes **acceder directamente dende un ciclo de Grao Medio a un Ciclo de Grao Superior**.

Oferta de Ciclos de Formación Profesional:

Levan asterisco (*) os que non se imparten polo momento en Galicia.

Aparece entre paréntese a vinculación entre a modalidade de Bach e os ciclos formativos de cada familia profesional.

Familias Profesionais	Oferta deciclos réxime ordinario	
	Grao Medio	Grao Superior
Actividades Físicas e Deportivas		
Condución e animación de actividades físico – deportivas	CM Condución de actividades físico – deportivas no medio natural.	
	CS Animación de Actividades Físicas e Deportivas.(Calquera modalidade de Bacharelato).	
Agraria		
Xestión e organización de empresas agropecuarias e dos recursos naturais e paisaxísticos	CM Producción agroecolóxica CM Producción agropecuaria CM Xardinería e floraría CM Traballos forestais e de Conservación do Medio Natural.	
	CS Paisaxismo e medio rural CS Xestión e organización de empresas CS Xestión forestal e do medio natural (Bach. CC e Tecnolóxico)	
Enerxía e Auga		
Sector enerxético, avaliando e inspeccionando a eficiencia das instalación de enerxía e auga dos edificios, xestionando a montaxe e mantemento das instalación térmicas.		
	CS Eficiencia enerxética e Enerxía Solar Térmica CS Enerxías renovables (Bach CC e Tecnolóxico)	
Imaxe Persoal		
Perruquería, estética persoal, caracterización e asesoría de imaxe	CM Estética e beleza. CM Peiteado e cosmética capilar	

persoal.	CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa CS Estética Integral e benestar (Bach CC, HH e CCSS)
Industrias Alimentarias	
Elaboración e conservación de produtos alimenticios como aceites e xugos, viños e outras bebidas, produtos lácteos, conserveira vexetal, cárnica e de peixe, industrias cerealistas.	CM Aceites de oliva e viños. CM Elaboración de produtos alimentarios CM Panadería, repostería e confeitaría CM Molinería e industrias cerealistas *
	CS Procesos e calidade na industria alimentaria. CS Vitivinicultura (Bach. de CC e Tecnolóxico)
Informática e Comunicacóns	
Instalación e mantemento de produtos informáticos. Creador, programador de programas informáticos	CM Sistemas microinformáticos e redes
	CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Desenvolvemento de aplicacións multi-plataforma. CS Desenvolvemento de aplicación web. (Bach. de CC e Tecnolóxico)
Marítimo-Pesqueira	
Pesca: artesanal e industrial. Acuicultura: peixes, crustáceos e moluscos. Buceo: media profundidade. Buques: manexo, control e mantemento dos sistemas de propulsión, equipos e instalacións. Transporte marítimo: administración e control da navegación.	CM Cultivos acuícolas CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas CM Navegación e pesca de litoral. CM Mantemento e control de maquinaria de buque e embarcacións
	CS Acuicultura CS Transporte marítimo e pesca de altura CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións (Bach. CC e Tecnolóxico)
Téxtil, Confección e Pel	

Actividade produtiva téxtil: algodón, lana, seda natural, fibras sintéticas, punto, alfombras e acabados. Actividade do coiro: curtidos, acabados, e marroquinería e do calzado, o vestido e todo tipo de confección.	CM Calzado e complementos de moda* CM Confección e moda CM Produción de fiadura e texeduría de calada* CM Produción de tecidos de punto* CS Curtidos * CS Patronaxe e moda CS Procesos de ennobrecemento téxtil * CS Procesos téxtiles de fiadura e texeduría de calada* CS Procesos téxtiles de tecedura de punto * CS Deseño e produción de calzado e complementos*
Química	
Industria química e farmacéutica, do refino de petróleo, da industria de papel, e da industria da transformación do caucho e materias plásticas. Así mesmo, cubre certas necesidades de cualificación noutras industrias, como a alimentación, metalurxia, vidro, cerámica e outras industrias de manufactura nas que se fai imprescindible a análise e control da materia que se transforma.	CM Operacións de laboratorio CM Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos * CM Operacións de proceso de pasta e papel * CM Planta química * CM Operacións de transformación de plásticos e caucho * CS Laboratorio de análise e control de calidade CS Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns * CS Industrias de proceso de pasta e papel * CS Plásticos e caucho * CS Química ambiental CS Química industrial (Bach. Ciencias e Tecn./ Química)
Transporte e Mantemento de Vehículos	
Mantemento de vehículos, automóviles, motocicletas, maquinaria agrícola e tractores, maquinaria de construción e	CM Carrozaría CM Electromecánica de vehículos automóviles

obras públicas, así como inspección técnica de vehículos.	CS Automoción CS Mantemento aeromecánico CS Mantemento de aviónica *
Vidro e Cerámica	
Desenvolvemento, fabricación e transformación de produtos de vidro e madeira.	CM Fabricación de produtos cerámicos * CM Operacións de fabricación de vidro e transformados *
	CS Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos * CS Fabricación e transformación de produtos de vidro * (Bach. Ciencias e Tecnolóxico.)
Sanidade	
Sector sanitario, tanto dende a súa vertente pública como dende a empresa privada nos ámbitos profesionaisde: atención primaria e comunitaria, atención especializada, saúde pública, servizos xerais ou centrais e produtos sanitarios.	CM Coidados auxiliares de enfermería CM Farmacia e parafarmacia CM Emerxencias sanitarias
	CS Anatomía patolóxica e citoloxía CS Dietética CS Documentación sanitaria CS Hixiene bucodental CS Imaxe para o diagnóstico CS Laboratorio de diagnóstico clínico CS Prótesis dentais CS Radioterapia CS Saúde ambiental CS Audioloxía protésica CS Ortoprotésica* (Bach. CC e Tecnolóxico)
Servizos Socioculturais á Comunidade	
Organización, planificación e xestión de proxectos de intervención social,	CM Atención a persoas en situación de dependencia

proxectos educativos, e de atención á infancia e interpretación da linguaxe de signos.	CS Animación sociocultural e turística CS Educación infantil CS Mediación comunicativa CS Integración social CS Promoción de igualdade de xénero (Bach. HH e CCSS)
Instalación e Mantemento	
Montaxe e mantemento das instalacións de edificios: hospitais, superficies comerciais, centros de ensino, polideportivos, oficinas, etc. Montaxe e mantemento de instalacións para o proceso continuo: industria química, refino de petróleo, industrias lácteas, elaboración de bebidas, papelera, etc. Montaxe e mantemento da maquinaria da fabricación de produtos metálicos, para o traballo da madeira, da fabricación do material de transporte (ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóbiles, camiós, etc.), maquinaria eléctrica, etc., e en xeral, todo o sector da produción de bens de equipoe dos vehículos rodantes ferroviarios.	CM Mantemento electromecánico CM Mantemento ferroviario * CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Instalacións de produción de calor
	CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos. CS Prevención de riscos profesionais CS Mecatrónica industrial (Bach.CC e Tecnolóxico)
Madeira, Moble e Cortiza	
Aserrado e preparación industrial da madeira e o corcho. Fabricación de produtos semi elaborados da madeira e o corcho. Fabricación en serie de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción. Fabricación de envases, esamblaxes e obxectos diversos de madeira. Industria do moble e da madeira. Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble	CM Instalación e amoblamento CM Carpintería e moble CM Transformación de madeira e cortiza *
	CS Deseño e amoblamento (Bach. CC, Tecnolóxico e Artes)
Fabricación Mecánica	

Construción de maquinaria e equipos mecánicos. Fabricación de produtos metálicos. Fabricación de instrumentos de previsión, óptica e similares. construción de material de transporte (naval, ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóviles, camiós, autobuses, maquinaria de obras públicas, ...). Construción de maquinaria eléctrica, etc. Fabricación e reparación de produtos metálicos estruturais, grandes depósitos e caldeiraría grosa, estruturas asociadas á construción de maquinaria. Todo o sector de produción de bens de equipo.	CM Fundición * CM Xoiaría* CM Mecanizado. CM Soldadura e caldeiraría. CM Tratamentos superficiais e térmicos*
	CS Construcións metálicas. CS Programación da produción de fabricación mecánica. CS Producción por fundición e pulvimetalurxia * CS Deseño en Fabricación mecánica. CS Óptica de anteollos * (Bach. Ciencias e Tecnolóxico)
Hostalería e Turismo	
Aloxamentos turísticos e non turísticos. Establecementos de restauración social e comercial. Entidades de planificación e desenvolvemento turísticos. Información, asistencia e guía turísticas. Intermediación de servizos turísticos eviaxes. Manipulación, preparación, conservación e presentación de toda clase de alimentos de produtos de panadería, pastelería e repostería.	CM Cociña e gastronomía CM Servizos en restauración.
	CS Axencia de viaxes e xestión de eventos CS Xestión de aloxamento turísticos CS Guía, información e asistencia turísticas CS Dirección de cociña. CS Dirección de Servizos de Restauración. (Bach CC, HH e CCSS)
Administración e Xestión	
Administración e xestión en calquera sector de actividade económica, entidades financeiras e de seguros, e na administración pública	CM Xestión Administrativa
	Administración e Finanzas Asistencia á Dirección (Bach. HH e CCSS)
Artes Gráficas	

Actividade produtiva de preparación de orixinais, tratamento de textos e imaxes, preparación da forma impresa, impresión en huecograbado, offset, serigrafía e flexografía, encuadernación, manipulado de papel, cartón e outros materiais	CM Preimpresión dixital. CM Impresión gráfica. CM Encuadernación e manipulados en papel e cartón *
	Deseño e xestión da produción gráfica Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia (Todas as modalidades de Bach)
Comercio e Marketing	
Actividade produtiva de departamentos comerciais, comercio independente (ó por maior e ó por menor), comercio integrado e asociado, axencias comerciais, xestión do transporte, servizos ó consumidor.	CM Actividades comerciais.
	Transporte e loxística Comercio Internacional Xestión de vendas e espazos comerciais Márketing e publicidade (Bach HH e CCSS)
Imaxe e Son	
Fotografía, cine, vídeo, publicidade, radio, televisión, espectáculos e axencias de noticias.	CM Vídeo disc-jockey e son
	CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe. CS Son para audiovisuais e espectáculos CS Producción de audiovisuais e espectáculos CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos. CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos (Bach CC e Tenolóxico)
Edificación e Obra Civil	
Construción de edificios industriais, comerciais, de servizos e de vivendas, así como de aeroportos, Estradas, obras marítimas e hidráulicas, obras subterráneas, ferrocarrís, conducións	CM Obras de interior, decoración e rehabilitación CM Obras de albanelería * CM Obras de Formigón * CM Operación e mantemento de maquinaria

liñas de fluídos e a súa rehabilitación.	de construción *
	CS Organización e control de obras de construción CS Proxectos de edificación CS Proxectos de obra civil (Bach CC e Tecnolóxico e Artes)
Electricidade e Electrónica	
Equipos e instalacións eléctricas de distribución e electrificación, singulares e automatizadas en vivendas e edificios; sistemas de automatización industrial: equipos electrónicos de consumo e profesionais, e sistemas de telecomunicacións e informáticos.	CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Instalacións de telecomunicacións
	CS Desenvolvemento de produtos electrónicos. CS Sistemas Electrotécnicos e automatizados. CS Automatización e robótica industrial CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos Mantemento electrónico (Bach CC e Tecnolóxico)
Seguridade e medioambiente	
Servizos de prevención e extinción de incendios. Control ambiental e os seus recursos	CM Emerxencias e protección civil CS Educación e control ambiental (Bach. CC e Tecnolóxico)

Prazos de Inscripción e Matrícula

Ciclos de Formación profesional:

As datas de inscrición son **aproximadamente do 25 de xuño ao 5 de xullo**.

A **solicitud deberá realizarse** mediante o asistente informático **vía web** para todos os réximes e graos, agás para o segundo curso do réxime ordinario.

Logo de realizada a solicitud web, a aplicación informática xera un impreso con instrucións individualizadas para cada solicitante. O impreso xerado pola aplicación informática indica a documentación que cómpre achegar. Esta documentación cos impresos xerados deberá ser entregada, en prazo, en calquera centro público de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional. Este documento será validado polo centro e unha das copias será selada e entregada á persoa solicitante. Sen estes requisitos, a solicitud carece de validez e non será tida en conta no proceso de admisión.

Matrícula: A partir de mediados de xullo haberá varias adxudicacións con catro días para matricularse a partir do día en que se é admitido.

5.As Ensinanzas de Réxime Especial

(www.edu.xunta.es/ea)

As ensinanzas de réxime especial son ensinanzas nas que a organización é algo diferente á dos estudos de réxime xeral e nos que hai que superar unha proba para acceder a eles. Os estudos que se poden cursar son os seguintes:

- Ensinanzas de Música e Danza.
- Ensinanzas Superiores de Arte Dramática
- Ciclos de Formación Profesional de Artes Plásticas e Deseño.
- Ensinanzas de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- Ensinanzas de Idiomas.
- Ensinanzas Deportivas

Ensinanzas De Música

Poden ser:

Regradas: estúdanse en conservatorios de música e centros autorizados de música (obtense un título con validez académica e profesional)

Non-Regradas: estúdanse en Escolas de Música (obtense un certificado)

Estrutúranse en:

Ensinanzas de Grao Elemental:

Hai que ter entre 8 e 14 anos, e comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes musicais dos interesados.

Ensinanzas de Grao Profesional:

Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total).

Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar e que atende ás aptitudes e coñecementos musicais do interesado. O alumno/a que remate estas ensinanzas pode obter o título de bacharelato se supera as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de Bach elixida.

Ensinanzas de Grao Superior:

Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos.

Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato, ter superado o 3º Ciclo de música e superar unha proba ordinaria para cada especialidade. Se non cumpres estes requisitos podes acceder se superas unha proba extraordinaria.

Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Onde se poden estudar as ensinanzas de Música?

Nas Escolas de Música.

Son centros públicos ou privados que imparten ensinanzas non regradas de música dirixidas a aquelas persoas, sen límite de idade, que desexen unha formación musical. Tamén poden preparar para o acceso a ensinanzas regradas en conservatorios ou en centros autorizados (privados). Hai Escolas públicas de Música en Cee e privadas en Coruña e Santiago.

Nos Conservatorios de Música.

Se clasifican en "Elementais" (imparten o grao elemental), "Profesionais" (imparten o grao Medio) e "Superiores" (imparten só o grao Superior). Tamén en Centros Privados Autorizados. Existen conservatorios públicos en: Coruña (elemental, profesional e Superior), Carballo (só elemental e profesional). Os Centros autorizados privados máis próximos están en Coruña e Santiago.

Grao Elemental	
Acordeón	Instrumentos de puga
Clarinete Clave Contrabaixo Fagot	Óboe
Frauta de bico Frauta Traveseira	Percusión
Gaita	Piano
Guitarra	Saxofón
Harpa	
Grao Medio	
Acordeón	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do Barroco
Clarinete Clave Contrabaixo Fagot Óboe	Instrumentos de Puga
Frauta de Bico Frauta Traversa	Percusión
Gaita	Piano
Guitarra	Saxofón
Trombón Trompa Trompeta Tuba	Trombón Trompa Trompeta
Viola Viola de Gamba Violín Violoncelo	Viola Viola da Gamba Violín
Harpa	Violoncello
	Canto
Grao Superior	
Acordeón	Instrumentos de Música Antiga
Canto Fagot Clarinete Clave	Instrumentos de Música Popular e Tradicional Instrumentos de Puga Jazz
Composición	Musicoloxía
Dirección de coro	Óboe
Dirección de orquesta	Pedagogía
Etnomusicoloxía	

Flamenco	Percusión
Frauta Frauta de Bico	Piano Órgano
Travesa	Saxofón
Guitarra	Trompa Trompeta Trombón Tuba
Harpa	Viola Viola de Gamba Violín Violoncello
Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do Barroco	Contrabaixo

Ensinanzas De Danza

Poden ser:

Regradas: estúdanse en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza (obtense un título con validez académica e profesional)

Non Regradas: estúdanse en Escolas de Danza (obtense un certificado)

Estrutúranse en:

Ensinanzas de Grao Elemental:

Comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes físicas e expresivas dos aspirantes relacionadas coa danza e co sentido musical, mediante unha proba. Neste grao non se obtén titulación, só un certificado acreditativo.

Ensinanzas de Grao Profesional:

Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total)

Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba en xuño, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar, os contidos tamén dependen da especialidade na que se queira ingresar. O alumno/a que remate estas ensinanzas pode obter o título de bacharelato se supera as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de Bacharelato elixida.

Ensinanzas de Grao Superior:

Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos

Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de

Bacharelato, ter superado o 3º Ciclo de Danza e superar unha proba ordinaria para cada especialidade. Se non cumpres estes requisitos podes acceder se superas unha proba extraordinaria. Celébranse antes do 15 de xullo.

Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Especialidades:

Grao Medio: Danza clásica, Danza Española e Danza Contemporánea.

Grao Superior: Pedagogía da Danza, Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza.

Arte Dramática

Estas ensinanzas constitúen un ciclo único de catro cursos, cunha titulación final equivalente a Graduado universitario.

Estrutúranse en tres especialidades: Dirección de escena e dramaturxia, escenografía e interpretación. Á súa vez, cada unha destas especialidades está dividida nos seguintes itinerarios.

Especialidades

Dirección de escena e dramaturxia

Dirección de escena

Dramaturxia Escenografía

Escenografía

Interpretación

Interpretación textual

Interpretación xestual

Interpretación con obxectos.

Para o acceso hai que estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade.

Se non tes o título de Bacharelato, con 18 anos cumpridos, pódese acceder mediante proba de aptitudes e demostrando unha experiencia profesional significativa que se xustificará mediante unha memoria defendida ante un tribunal.

A proba de acceso específica para cada especialidade consta de 2 exercicios:

1º exercicio: análise dun fragmento dun texto dramático que ten carácter eliminatorio. Publícanse os textos de obrigada lectura para esta proba.

2º exercicio: son varias probas prácticas diferentes segundo a especialidade á que se queira acceder. Fanse públicos os textos propostos para as probas de carácter práctico.

Os Ciclos de Artes Plásticas e Deseño

Que son as ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño?

Comprenden estudos relacionados coas artes aplicadas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e restauración de bens culturais.

Que son os ciclos de Artes Plásticas e Deseño?

A estrutura é a mesma que a da Formación Profesional.

Ciclos formativos de grao Medio e Superior, de xeito que despois da ESO podes acceder ós ciclos formativos de grao Medio, e despois do Bacharelato podes acceder ós ciclos formativos de grao Superior, aínda que só terán acceso directo os alumnos que cursasen o Bacharelato de artes, o resto dos alumnos deberán facer unha proba que valorará as súas aptitudes artísticas e que consiste basicamente na realización de debuxos e bosquexos sobre temas propostos.

Os centros nos que se imparten estas ensinanzas son as escolas de artes plásticas e deseño, que en Galicia, se atopan en *A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Vigo e Ferrol* (estas dúas últimas de titularidade privada).

Como se organizan?

Trátase de ciclos de grao Medio e grao Superior, polo que teñen unha estrutura semellante á da formación profesional específica. A principal diferenza está a que ademais da titulación normal para acceder a un ciclo é necesario superar unha proba de acceso.

Ciclos Formativos De Grao Medio:

Accédese co título de ESO e coa superación da proba específica que consiste en exercicios por escrito sobre os coñecementos de artes plásticas, histórico artísticos, e debuxo.

De non ter o título de ESO, pero se tes 17 anos, podes acceder coa superación (ademais da proba específica) dunha proba de madurez que atende ós contidos xerais da ESO e consta de 2 partes:

1ª parte: Lingua Castelá, Lingua Galega, científico-tecnolóxico e sociocultural (escoller tres materias).

2ª parte: Educación plástica e visual.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos de grao medio e a proba específica polo Bacharelato de artes ou experiencia laboral de alomenos un ano, directamente relacionada co ciclo o que se quere acceder.

A inscrición nas probas é en xuño e as probas celébranse en setembro. Obtense o título de técnico.

Ciclos Formativos De Grao Superior:

Accédese, directamente sen ter que superar ningunha proba, co título de Bacharelato en Artes.

De non ter o Bacharelato de Artes, pódese acceder con outra modalidade de Bacharelato e coa superación dunha proba específica relacionada con debuxo, artes plásticas e coñecementos histórico - artísticos.

De non ter superado ningún Bacharelato, pódese acceder mediante a superación dunha proba de madurez, se tes 19 anos. Dita proba ten 2 partes:

1ª Parte: proba das materias comúns do Bacharelato (Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira(inglés ou francés), Hª España, Hª Filosofía, Filosofía e Cidadanía, Ciencias do Mundo Contemporáneo. Escoller tres materias.

2ª Parte: Proba de Historia da Arte.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos superiores, e a específica pola experiencia laboral de alomenos un ano directamente relacionada co ciclo ao que se quere acceder.

Obtense o título de técnico Superior que dá acceso a certas titulacións universitarias e aos estudos superiores de Deseño (explicados máis adiante).

A inscrición nas probas é en *xuño*, a proba de madureza celébrase en *xuño* e a específica en *xullo*.

Familias Profesionais:

Dentro de cada familia ofértanse Ciclos de grao Medio e de grao Superior. Estas son as familias que existen:

Artes Aplicadas á Escultura Deseño de Interiores Xoiaría de Arte	Artes Aplicadas ó Muro
Artes Aplicadas ó Libro	Esmaltes Artísticos
Cerámica Artística	Téxtiles Artísticos
Artes Aplicadas Á Indumentaria	Arte Floral
Deseño Industrial	Vidro Artístico

Onde estudar estes Ciclos:

Existen escolas de artes nas principais cidades de Galicia: a Coruña, Santiago, Ourense, Lugo.

Escola de Artes Pablo Picasso na Coruña

CS Dourado, prateado e Policromía
CS Artes Escultura aplicada ao espectáculo
CS Fotografía
CS Ilustración
Oferta modular do CS de Cerámica

Escola De Artes Mestre Mateo en Santiago

CM Procedementos de xoiaría artística
CS Técnicas escultóricas
CS Fotografía
CS Xoiaría Artística
CS Arquitectura efímera
Oferta modular de CM e de CS de xoiaría

Escola De Artes Ramón Falcón en Lugo

CM Serigrafía artística
CS Gravado e Técnicas De Estampación
CS Cerámica Artística
CS Fotografía
Oferta modular de Cerámica Artística
Taller de ebanistería, oferta modular

Escola De Artes Antonio Faílde en Ourense

CM Ebanistería Artística
CS Fotografía
CS Ilustración

Estudos Superiores de Artes Plásticas e Deseño

Conservación e Restauración de Bens Culturais

Trátase dun grao que ten como obxectivo formar a profesionais cuxa responsabilidade será velar polo bo estado do patrimonio artístico.

Pódese escoller entre 7 especialidades diferentes: Arqueoloxía, Pintura, Escultura, Documento gráfico, Bens Arqueolóxicos, Téxtiles, Mobiliario.

Obtense o Título de graduado universitario.

Pódese acceder directamente co Título de Técnico Superior en Artes

Estudos de Artes Plásticas e Deseño (para os cales se reserva un 20% das prazas)

Se tes un título de Bacharelato ou equivalente terás que superar unha proba específica de acceso que se convoca anualmente en xuño nos centros onde se imparte a carreira. Para o alumnado que accede por proba resérvase o 80% das prazas.

As partes da proba:

Comentario dun texto relacionado cos bens culturais.

Exame escrito sobre dúas materias a escoller entre: Historia de España, Historia da Arte, Física e Química e Bioloxía.

Debuxo a partir dun modelo real e inanimado, Traballo sobre representación da cor, Traballo práctico sobre as aptitudes plásticas.

Existe en Galicia unha única escola de conservación e restauración, que se ubica en Pontevedra, e imparte as especialidades de escultura, pintura e arqueoloxía

Estudos Superiores de Deseño:

Están encamiñados á formación de profesionais no mundo do Deseño nas especialidades de moda, interiores, produtos e deseño gráfico.

Teñen unha duración de 4 cursos, dos que o primeiro curso é común ás catro especialidades. A titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente, para tódolos efectos, a unha titulación universitaria de Grao.

Estes estudos impártense nos seguintes centros:

Escola de arte Mestre Mateo de Santiago: Deseño de moda, Deseño de produtos.

Escola de arte Pablo Picasso de A Coruña: Deseño de interiores, Deseño gráfico.

Escola de arte Ramón Falcón de Lugo: Deseño de interiores, Deseño gráfico.

Escola de arte Antonio Faílde de Ourense: Deseño de interiores, Deseño.

O acceso:

Terán acceso directo os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

Accederán mediante proba específica os alumnos que teñan o título de Bacharelato. A inscrición nesta proba é a comezos de xuño e celébrase a mediados de xuño. . Consta de dúas partes:

1ª parte: Durante un máximo de 3 horas responder por escrito a cuestións sobre historia das artes, historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral, e deseño na especialidade que se aspira a cursar.

2ª parte: Durante un máximo de 4 horas, realizar un debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar; e un debuxo a mal

alzada, cos técnicas do estudos que se aspira a cursar, do modelo do exercicio anterior.

Para o acceso aos estudos superiores, de grao en Música, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais, e Deseño, o alumnado que non teña o título de Bacharelato, e cumpra 19 anos, poderá realizar unha proba de acceso, en xuño, ademais das probas específicas de cada especialidade.

Esta proba consistirá en realizar exercicios das seguintes materias de Bacharelato: Lingua estranxeira (Inglés ou Francés), Lingua Castelá, Lingua Galega, Filosofía e Cidadanía, Ciencias para o mundo contemporáneo, Historia de España, Historia da Filosofía.

O alumnado que non teña o título de Bacharelato ou equivalente e desexe acceder aos estudos superiores de grao en Música, Danza, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais e Deseño, e cumpra 18 anos(16 no caso de Música e Danza), poderá realizar unha proba de acceso no mes de xuño, ademais de presentarse as probas específicas para cada especialidade.

Ensinanzas de Idiomas

En que consiste?

O estudo dos idiomas pódese realizar a través dunha carreira universitaria ou nas Escolas Oficiais de Idiomas. Estas últimas son centros especializados no ensino dos idiomas.

Para acceder é condición indispensable ter 16 anos ou 14 no caso de estudar un idioma diferente do cursado na ESO.

Organízanse en tres niveis cun total de 6 cursos.

Nivel básico: 2 cursos coa finalidade de usar o idioma a nivel cotiá. Equivale a un A2 do Consello de Europa.

Nivel intermedio: 2 cursos coa finalidade de usar o idioma en situacións específicas. Equivale a un nivel B1 do C. E.

Nivel avanzado: 2 cursos coa finalidade de conseguir o dominio do idioma oral e escrito a nivel xeral e específico. Equivale a un nivel B2 do Consello de Europa.

Tamén hai dous **niveis de especialización C1 e C2**.

A asistencia a clase pode ser diaria, intensiva (dous días á semana) ou alterna (tres días á semana). Tamén podes cursar estas ensinanzas nas seguintes modalidades:

- Oficial presencial: Acudindo ás clases presenciais e cunha avaliación trimestral.
- Libre: Preparando o idioma por libre e presentándote ás probas libres de obtención do certificado de determinado nivel.
- A distancia: A través do programa That'sEnglish que se emite diariamente no canal 2 da TVE podes seguir as clases a distancia e ser axudado nunhas titorías para practicar aparte oral na escola oficial na que te matricules. Nas escolas danche o material necesario para preparar o curso.

Que idiomas e onde os podo estudar?

Alemán, Inglés, Portugués, Francés, Italiano, Árabe, Galego, Ruso, Chinés, Xaponés.

Nas seguintes escolas oficiais de idiomas:

Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte, Ribadeo, viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía.

No entorno máis próximo hai ademais seccións da EOI de A Coruña en Carballo (no Pazo da Cultura) e en CEE (no IES Fernando Blanco).

Que saídas laborais ten?

Os certificados que se obteñen teñen un recoñecido prestixio e téñense en conta en baremos para concesión de bolsas, intercambios, determinados empregos. ademais cada curso equivale a créditos de libre elección nas titulacións universitarias galegas.

Ensinanzas Técnico–Deportivas

Teñen como finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva.

Como se organizan?

Grao Superior:Co que se obtén o título de técnico Superior nunha especialidade deportiva. Ten unha duración máxima de 1100 horas. Capacita para dirixir e coordinar a técnicos deportivos, planificar e dirixir o adestramento dos deportistas e equipos de alta competición, xestionar escolas deportivas.

Que títulos se obteñen?

Existen títulos tanto de técnico como de técnico Superior nas seguintes especialidades: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí alpino, esquí de fondo e snowboard), Deportes de montaña e escalada, Atletismo, Balonmán.

Requisitos de acceso:

Grao Superior: Título de Bacharelato ou equivalente + título de grao Medio (Técnico Deportivo). Para algunhas especialidades hai que acreditar méritos deportivos. Para os que non teñan o título de bacharel poden acceder se superan unha proba de madurez e teñan 18 anos. Esta proba pode ser convalidable pola proba de acceso a CS.

A inscrición nas probas é en xullo e celébranse en setembro.

Postos de traballo:

Pódeste adicar ao adestramento a equipos, deportistas, dirixir actividades no campo da saúde e do turismo deportivo.

Oferta destas ensinanzas en Galicia:

IES Universidade Laboral (Culleredo): Fútbol.

IES Sánchez Cantón (Pontevedra): Fútbol e Balonmán.

IES A Farixa (Ourense): Fútbol sala.

IES Nosa Señora Dos Ollos Grandes (Lugo): Atletismo.

IES Río Cabe (Monforte de Lemos): Fútbol

IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía): Baloncesto

6. O Bacharelato para Persoas Adultas

Como se organizan estas ensinanzas?

Ofértanse dúas modalidades de Bacharelato: **Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía.**

Poden seguirse como curso completo ou por materias de xeito independente.

Se optas por seguir materias de xeito independente poderán cursarse, simultaneamente materias do 1º e do 2º curso.

Pola modalidade semi-presencial, esixe a asistencia obrigatoria ás titorías de cada materia (unha hora semanal por cada materia que se curse).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente e os exames poden realizarse nas sete principais cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Canto duran?

O tempo de permanencia para cursar estas ensinanzas é de 6 anos académicos(o tempo de permanencia no Bacharelato ordinario é de 4 anos).

No caso de esgotar o 6 anos sen acadalos obxectivos previstos, os alumnos poderán seguir cursando as materias pendentes a través do réxime de ensinanza a distancia ata completaren a formación desexada.

Que requisitos de acceso hai?

Para acceder debes estar nalgunha das seguintes condicións:

Posuí-lo título de graduado en educación secundaria

Posuí-lo título de técnico nalgún dos Ciclos de grao Medio.

Onde se ofertan estes estudos?

A modalidade semi-presencial pode cursarse nos seguintes centros:

EPA Eduardo Pondal (A Coruña), IES de Cedeira, EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES As Telleiras (Narón), IES San Clemente (Santiago de Compostela), IES Monte Castelo (Burela), IES de Foz, EPA Albeiros (Lugo), IES Río Cabe (Monforte), IES Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), IES Lois Peña Novo (Vilalba), IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras), IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño), EPA de Ourense, EPA Río Lérez (Pontevedra) e EPA do Berbés (Vigo)A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).

No entorno máis próximo a modalidade presencial ofértase no IES Isidro Parga Pondal de Carballo.

7. FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

Oposicións ao Corpo da Garda Civil (Escala de cabos e gardas)

Requisitos:

Nacionalidade española
Acreditar boa conduta cidadán (mediante certificado e informe)
Carecer de antecedentes penais
Ter 18 anos.
Posuír o título de ESO ou Superiores ou acreditar a superación da proba de acceso a Ciclos de Grao Medio.
Posuír o permiso de condución clase B ou Superior.
Posuír a aptitude psicofísica acreditada.
Altura: Mulleres 1.60 m e Homes 1.65 m.

Solicitud:

As Instancias, impresos e taxas de exame serán facilitadas e presentadas nos postos e Comandancias da Garda Civil.

As instancias presentaranse no prazo de 20 días naturais, contados a partir do día da publicación da convocatoria no BOE.

Probas de selección:

1º fase de concurso: consistirá na valoración dos méritos académicos e profesionais do aspirante e terá en conta os méritos académicos (notas, idiomas das escolas oficiais de idiomas, títulos académicos (Bacharelato, Ciclos formativos, ABAU, titulación universitaria, etc.) e os méritos profesionais (carreira militar).

2º fase de oposición: consistirá no desenvolvemento das seguintes probas:

Ortografía: exercicio eliminatorio cunha duración de 10 minutos.

Coñecementos: contestación por escrito a unha enquisa de 100 preguntas sobre materias xurídicas, socioculturais e técnico- científicas. Cunha duración de hora e media.

Lingua estranxeira: contestación por escrito a unha enquisa de 20 preguntas sobre o idioma (inglés ou francés), durante 20 minutos.

Psicotécnica: probas que miden factores aptitudinais e variables comportamentais (personalidade).

Acreditación da aptitude psicofísica:

Exercicios físicos: proba de velocidade, proba de resistencia muscular, proba de potencia do tren Superior, proba extensora do tren Superior e proba de natación.

Recoñecemento médico: aplicarase un cadro médico de exclusións.

Entrevista persoal: destinada a contrastar os resultados das probas psicotécnicas e a adecuación do aspirante ó perfil profesional do garda civil.

Unha vez superadas as probas de selección o aspirante terá un prazo para entrega de documentación e pasará por dous períodos de formación: un período de

formación dun curso académico en centro docente e o segundo período de formación en prácticas durante un ano.

Oposicións ao Corpo Nacional de Policía

Ingreso na escala básica

Requisitos:

Ser español.
Ter 18 anos.
Estatura mínima de 1'65 nos homes e 1'60 nas mulleres.
Ter o título de Bacharelato ou equivalente.
Declaración xurada do solicitante de compromiso de portar armas.
Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
Estar en posesión dos permisos de conducir clase B.

Solicitudes:

As instancias e os impresos serán facilitados e presentados nas xefaturas e comisarías de policía.

As solicitudes presentaranse no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación no BOE.

Probas de selección:

1ª fase de oposición: constará das seguintes probas de carácter eliminatorio:

Proba de coñecementos: contestación a unha enquisa de preguntas sobre as materias xurídicas, sociais e materias técnico-científicas (acorde co temario correspondente) , e proba de ortografía.

Proba de aptitude física: tendente a comprobar as condicións de forza, axilidade, velocidade e resistencia do/da opositor /a.

Proba psicotécnica: realización de varias enquisas para determinar a personalidade do aspirante e entrevista persoal.

Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.

Exercicio voluntario de idiomas: francés ou inglés con un nivel de ESO, a notado cal se sumará á de coñecementos.

2ª fase de formación e prácticas:

Os opositores que superasen a fase de oposición e presentaran nos prazos establecidos a documentación esixida, serán nomeados policía-alumnos e incorporaranse ó centro de formación da división de formación e perfeccionamento.

Primeiro realizarán unha fase teórica, tendo que superar tódalas materias para poder pasar á fase práctica. Para a superación das dúas fases disporán dunha convocatoria ordinaria e unha única extraordinaria.

Ingreso na Escala Executiva

Requisitos

Os mesmos que para a escala básica excepto no título académico, que deberá ser de título universitario oficial de grao.

Solicitudes

Igual que na escala básica.

Probas de selección:

1º oposición:

Probas de aptitude física: para comprobar as condicións de forza, axilidade, flexibilidade, velocidade e resistencia.

Proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario, resolución dun suposto práctico e exercicio escrito e oral de idiomas (inglés ou francés) cun nivel de 2º de Bacharelato.

Proba psicotécnica: tests de personalidade e entrevista persoal.

Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.

2º cursos de formación:

Realización de 2 cursos académicos ordinarios no centro docente correspondente, cursando materias das áreas xurídica, psico-social, técnicas policiais, tecnoloxía aplicada, e educación física.

O **1º curso** será selectivo e irrepetible, e quen non o supere na convocatoria ordinaria, ou única extraordinaria, causará baixa no centro docente e perderá toda expectativa de ingreso.

O **2º curso** poderá repetirse completamente unha soa vez.

3º período de prácticas: será un módulo irrepetible destinado a valorar unha serie de características persoais: responsabilidade, adicación, disciplina, integridade, espírito de equipo, decisión e corrección.

Oposicións aos corpos de institucións penitenciarias

Existen 4 escalas ou corpos:

- Corpo de axudantes: título de Bacharelato ou Ciclo de grao Superior.
- Corpo de técnicos: título de licenciado ou de grao en dereito, psicoloxía, socioloxía ou pedagogía.
- Corpo facultativo: título de licenciado ou de grao en medicina .
- Corpo de axudantes técnicos sanitarios: título de diplomado universitario ou de grao en enfermería.

Para acceder a cada corpo é necesario superar un proceso de selección que consistirá na superación das seguintes probas:

1ª proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario.

2ª proba de casos prácticos.

3ª proba de aptitude médica: para comprobar que cumpras o cadro de exclusións médicas.

4º período de formación teórico – práctico (unha vez superado o proceso de oposición).

Oposicións para o ingreso na Escala Superior de Técnicos de Tráfico

Para ingresar neste corpo é preciso posuír o título universitario de licenciado ou de grao de Enxeñeiro ou Arquitecto.

Deberase superar un proceso de selección consistente en 2 fases:

1ª fase de oposición: superación de varias probas escritas acorde co temario correspondente.

2ª fase: curso selectivo: preparación específica para o exercicio da profesión cunha duración non maior de 6 meses.

Carreira Militar

Tropa e Marinería:

Ter entre 18 e 29 anos.

Ter o título de Graduado en ESO ou ter aprobada a proba de acceso A Grao Medio.

Solicitar cita na Delegación de Defensa e realízanse as probas físicas

Tests de coñecementos e recoñecemento médico.

Unha vez que se ingresa no corpo hai un período de formación.

Militar, Escala de Suboficiais:

Ter entre 18 e 22 anos.

Ter o título de Bacharelato ou equivalente ou superada a proba de acceso a CF Grao Superior.

Superar unha proba de ingreso e non ter antecedentes penais.

Militar, Escala Oficiais:

Pode ser como militar de carreira ou aportando o título de grao universitario. Os requisitos varían segundo o corpo, especialidade, etc.

8.BECAS E RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS

Becas

As bolsas van destinadas ao alumnado que curse algún dos estudos seguintes, tanto estudos non universitarios como estudos universitarios, tal e como se recolle na convocatoria anual do MEC:

- 1º e 2º cursos de Bacharelato
- Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior
- Ensinanzas de Réxime Especial: Ensinanzas Artísticas Profesionais, Ensinanzas Deportivas, Idiomas, Artísticas Superiores, etc.
- Estudos universitarios

A beca solicítase a través da páxina do Ministerio de Educación e Formación Profesional mediante un formulario on-line colgado na web:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar.html>

É necesario cumprir cos requisitos académicos marcados para cada unha das etapas, así como cos requisitos socioeconómicos da familia(umbrales de renda, patrimonio familiar, volume de negocio para empresarios e autónomos, e segundas vivendas).

As cuantías ás que podedes optar son as seguintes:

- Beca de renda: 1600€ para os que superen o umbral 1 de renda.
- Beca de residencia: 1500€ para os que non superen o umbral 2 de renda e vivan fóra do domicilio familiar.
- Beca de matrícula: non se paga a matrícula.
- Beca básica: 200€ para alumnado non universitario que non opte a beca de renda por debaixo do umbral 3).
- Beca variable: mínimo 60€ e máximo 1500€ para o alumnado non universitario e 2600€ para o universitario(cun 10 de media e un 0 de renda).
- Beca de excelencia: entre 50 e 150€ a partir dunha media de 8.

O prazo desta convocatoria para os estudos postobrigatorios (Ciclos Formativos de GM ou GS e títulos universitarios de Grao) no curso 2022/2023 foi **dende o 30/03/2022 ata o 12/05 de 2022.**

Residencias

Para solicitar praza nunha **residencia universitaria** do sistema universitario galego, hai que estar pendente da convocatoria de cada universidade para solicitar praza na mesma. **É necesario consultar a páxina web de cada universidade para coñecer os prazos e o procedemento de solicitude requiridos.** As solicitudes de aloxamento en calquera das universidades galegas realízase por vía telemática.

Universidade de Santiago: <https://www.usc.gal/gl/servizos/sur>

A Universidade de Santiago conta con 6 centros propios entre o campus de Santiago e o de Lugo:

1. Colexio Maior Fonseca
2. Colexio Maior Rodríguez Cadarso
3. Colexio Maior San Clemente
4. Residencia Universitaria Monte da Condesa
5. Residencia Universitaria Burgo das Nacións
6. Residencia Universitaria Jesús Bay y Gay (campus de Lugo)

Universidade de A Coruña: <https://www.udc.es/gl/sape/aloxamento/>

A Universidade de A Coruña conta con residencias públicas e privadas.

As residencias públicas son:

1. Residencia Pública Elvira Bao
2. Residencia Pública de Ferrol (campus de Ferrol)

As residencias privadas son:

1. Rialta
2. Siglo XXI
3. María Inmaculada
4. Colexio Liceo La Paz

5. Residencia Universitaria “José Sardina”
6. Hostal residencia “Casal”
7. Residencia Feminina
8. Hostal Roma
9. Residencia La Luz
10. Residencia Muíños
11. Hostal Palacio
12. Residencia Riasol S.L.
13. Porta Nova(Campus Ferrol)
14. Domus Ecclesiae(Campus Ferrol)

Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo conta con centros propios e concertados.

Os centros propios son:

1. Complexo residencial O Castro (campus Vigo).
<https://www.resa.es/es/residencias/vigo/residencia-universitaria-o-castro/habitaciones-y-precios/>
2. Residencia Universitaria As Burgas (campus de Ourense).
<https://www.resa.es/es/residencias/ourense/residencia-universitaria-as-burgas/residencia/>

DESÉXOVOS MOITA SORTE PARA ESTA NOVA ETAPA DAS VOSAS VIDAS. COLLÉDEA CON CARIÑO, CON ILUSIÓN, CON GAÑAS DE CONVERTERVOUS NO QUE SOÑADES SER, ELIXINDO O QUE VOS GUSTA E VOS MOTIVA!!